



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO SECTOR DE PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 19 de setembro de 2022 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 30/09), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **3 profesores/profesoras**, dun total de sete que debe ter o Consello Escolar. Os outros representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2021.
- 2.- O censo electoral do profesorado está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da sala de profesores do Centro.
- 3.- As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día 4 ata as 14:00 horas do día 11 de novembro.
- 4.- A mesa electoral estará formada pola directora do centro, que actuará como presidenta, e o profesorado de maior e menor idade, actuando este/a último/a de secretario/a.
- 5.- Cada profesor/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **dous** da lista de candidatos/as.
- 6.- O voto será directo, secreto e non delegado.
- 7.- Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro Extraordinario para a elección dos mesmos, convocase Claustro de Profesores/as, a tales efectos, para o día **7 de novembro, ás 14:15 horas**.
- 8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Vilalba, 03 de novembro de 2022

A presidenta da Xunta Electoral,

M^a del Socorro Trillo Leis